

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, CONSUMO E BENESTAR SOCIAL

- 856** *Orde SCB/45/2019, do 22 de xaneiro, pola que se modifica o anexo VI do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde e o procedemento para a súa actualización, se regula o procedemento de inclusión, alteración e exclusión da Oferta de produtos ortoprotésicos e se determinan os coeficientes de corrección.*

O artigo 8 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, diferencia dentro da carteira común de servizos do Sistema nacional de saúde unha carteira común suplementaria, na cal se inclúe a prestación ortoprotésica realizada mediante dispensación ambulatoria (ortopróteses externas) e unha carteira común básica de servizos asistenciais, da cal forman parte os implantes cirúrxicos.

O Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde e o procedemento para a súa actualización, recolle no seu anexo VI o contido da prestación ortoprotésica, tanto os implantes cirúrxicos como as ortopróteses externas (próteses externas, cadeiras de rodas, órteses e ortopróteses especiais). Determina os grupos e subgrupos que a integran e, no caso das ortopróteses externas, tamén os códigos homologados que identifican as respectivas categorías de produtos. Ademais, especifica outros aspectos relativos ao acceso á prestación e ao procedemento de obtención e establece os requisitos xerais aplicables a esa prestación.

O artigo 8 ter.4 da citada Lei 16/2003, do 28 de maio, sinala que para as prestacións da carteira común suplementaria (prestación ortoprotésica e prestación con produtos dietéticos) se aprobará por orde ministerial, logo de acordo do Consello Interterritorial, por proposta da Comisión de prestacións, aseguramento e financiamento, a actualización do catálogo de prestacións, os importes máximos de financiamento e os coeficientes de corrección que se aplicarán para determinar a facturación definitiva aos servizos autonómicos de saúde por parte dos provedores, que terá a consideración de prezo final. A disposición adicional segunda do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguranza das súas prestacións, indicaba que no prazo de 6 meses se aprobaría un real decreto para a regulación da carteira suplementaria de prestación ortoprotésica do Sistema nacional de saúde e para o establecemento dos seus importes máximos de financiamento.

En consecuencia, o Real decreto 1506/2012, do 2 de novembro, polo que se regula a carteira común suplementaria de prestación ortoprotésica do Sistema nacional de saúde e se fixan as bases para o establecemento dos importes máximos de financiamento en prestación ortoprotésica, supuxo o primeiro paso para esta regulación, pero é necesario concretar e actualizar o catálogo común de prestación ortoprotésica, definindo os tipos de produtos que contén e os seus respectivos importes máximos de financiamento.

Esta orde dá unha nova redacción ao anexo VI do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, para actualizar en conxunto o seu contido, incluíndo unhas garantías de calidade, co fin de facilitar unha prestación máis adecuada e axustada ás necesidades de cada usuario.

No que se refire ao catálogo común de prestación ortoprotésica suplementaria, actualiza e concreta o seu contido, determinando os tipos de produtos de cadeiras de rodas, órteses e ortopróteses especiais do anexo VI do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, de modo que se desdobran algúns deles, se inclúen algúns novos para cubrir necesidades sanitarias dos usuarios e se eliminan os obsoletos. Así mesmo, actualízanse

a denominación e codificación dos grupos e subgrupos e, co fin de simplificar a codificación, os códigos homologados do citado anexo VI transformáronse en códigos alfanuméricos de 6 caracteres que identifican as categorías de produtos.

No catálogo común recóllese para cada tipo de produto a súa vida media, que é o tempo medio de duración en condicións normais de uso, coa finalidade de garantir unha calidade dos produtos que financie o Sistema nacional de saúde. Non se debe confundir co período de renovación, que será establecido polos responsables de prestación ortoprotésica en cada ámbito para todos os produtos, excepto para os que sexan de uso temporal que non requiren renovación.

Tamén figura no catálogo común o importe máximo de financiamento de cada tipo de produto. Para o seu cálculo tivéronse en conta, entre outros factores, as características de deseño dos produtos, a súa funcionalidade e prestacións, o seu consumo, os importes dos diferentes catálogos das comunidades autónomas, do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria (INXESA) e das mutualidades de funcionarios, así como a información dispoñible doutras fontes. Estes importes máximos de financiamento só son de aplicación aos produtos cando son dispensados a usuarios do Sistema nacional de saúde, polo que os produtos son de prezo libre para os restantes efectos.

O catálogo común de implantes cirúrxicos xa se actualizou mediante a Orde SSI/1356/2015, do 2 de xullo, pola que se modifican os anexos II, III e VI do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde e o procedemento para a súa actualización, e se regulan os estudos de monitorización de técnicas, tecnoloxías e procedementos. Son produtos cuxas características difiren substancialmente das ortoprotésese externas, o que fai que a Oferta e a fixación dos importes máximos de financiamento teñan unhas peculiaridades que se deberán regular especificamente nunha norma posterior. Por outro lado, a maior complexidade da actualización do catálogo común de prótesese externas, en cuxa elaboración se vén traballando nos últimos anos, dificultou ter finalizada esta parte do catálogo. Por todo isto, non se recollen nesta norma os números 6 e 7 do anexo VI do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, correspondentes aos catálogos comúns de implantes cirúrxicos e prótesese externas, respectivamente.

Para adaptarse aos avances científicos, o catálogo común de prestación ortoprotésica actualízase de acordo co previsto na Orde SCO/3422/2007, do 21 de novembro, pola que se desenvolve o procedemento de actualización da carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde, e poderán formular propostas de inclusión de novos tipos de produtos na carteira común de servizos do Sistema nacional de saúde terceiros interesados, como é o caso das asociacións de usuarios, das sociedades científicas ou das empresas. Nesta norma modifícase a citada Orde SCO/3422/2007, do 21 de novembro, para que as mutualidades de funcionarios poidan realizar propostas de actualización da carteira común de servizos nas mesmas condicións que as administracións sanitarias das comunidades autónomas.

Por outra parte, tamén se establece nesta orde o procedemento para a inclusión, alteración das condicións de uso e exclusión dos produtos ortoprotésicos na Oferta, en desenvolvemento do previsto no artigo 4 do Real decreto 1506/2012, do 2 de novembro. Así mesmo, co fin de manter permanentemente actualizada a información dos produtos na Oferta, considérase a necesidade de renovala.

Ante o elevado número de produtos susceptibles de solicitar a súa inclusión na Oferta, considerouse necesario facer coexistir durante un período o procedemento de inclusión na Oferta establecido na presente orde coa comunicación previa de información por parte das empresas ao sistema informatizado para a recepción de comunicacións de produtos ortoprotésicos ao Sistema nacional de saúde (SIRPO), regulado mediante a Orde SSI/566/2014, do 8 de abril, pola que se crea o sistema informatizado para a recepción de comunicacións de produtos ortoprotésicos ao Sistema nacional de saúde. Deste modo facilitarase ao Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social a análise da información de cada produto necesaria para a resolución das solicitudes de Oferta.

Nesta norma determínanse os coeficientes de corrección que permiten calcular os prezos de oferta a partir dos prezos de empresa. O prezo de Oferta proposto pola empresa, unha vez aceptado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, non poderá ser modificado por esta sen previamente presentar unha alteración da oferta. O prezo de Oferta dun produto non superará o importe máximo de financiamento fixado para o tipo de produto en que se encadre. Non obstante, prevese a posibilidade de que as empresas poidan comunicar á Oferta aqueles produtos que o superen, de modo que os usuarios poderán adquirilos con cargo ao Sistema nacional de saúde aboando a diferenza co dito importe máximo de financiamento, se así o prevé a correspondente normativa da comunidade autónoma, INXESA, Instituto Social da Mariña ou mutualidade de funcionarios.

Hai que ter en conta que tanto a fixación dos importes máximos de financiamento como os coeficientes de corrección non son un obstáculo que impida ás empresas e establecementos dispensadores a posibilidade de ofrecerem descontos ou outras estratexias competitivas que repercutan positivamente na eficiencia do gasto público. Tampouco impedirá aos responsables de prestación ortoprotésica adquiriren un tipo de produto por concurso ou outro procedemento similar de selección transparente e obxectivo, ao cal poderán concorrer tanto os produtos incluídos na Oferta como os que non o estean sempre que ofrezan as adecuadas garantías de calidade e abastecemento.

Ademais, co fin de dar cabida á participación do sector da discapacidade no Comité asesor para a prestación ortoprotésica, modifícase a Orde SPI/1117/2011, do 26 de abril, pola que se regula o Comité asesor para a prestación ortoprotésica, incluíndo un experto adicional nomeado pola persoa titular do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, por proposta do Consello Nacional da Discapacidade. Así mesmo, inclúese un representante do Ministerio de Facenda e outro do Ministerio de Economía e Empresa, dado que a actualización dos importes máximos de financiamento é unha nova función que desenvolverá o Comité.

Esta orde dítase en uso das atribucións conferidas pola disposición derradeira segunda do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, e pola disposición derradeira segunda do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, e en desenvolvemento do Real decreto 1506/2012, do 2 de novembro.

Por último, cabe sinalar que esta orde se axusta aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia, en tanto que persegue un interese xeral ao pretender facilitar aos pacientes o acceso aos tratamentos que lles son necesarios, non existe ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos e resulta coherente co ordenamento xurídico tanto nacional como europeo. Do mesmo modo, durante o procedemento de elaboración da norma recibiu informe do Consello Interterritorial do Sistema nacional de saúde, foron consultadas as comunidades autónomas, o INXESA, as cidades de Ceuta e Melilla e as mutualidades de funcionarios e sectores afectados e quedan xustificadas no preámbulo os obxectivos que persegue esta orde.

Na súa virtude, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. O obxecto desta norma é regular o contido, os conceptos, o acceso, o procedemento de obtención e os requisitos xerais da prestación ortoprotésica recollida no anexo VI do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde e o procedemento para a súa actualización.

2. En concreto, no referente á prestación ortoprotésica suplementaria:
 - a) Actualízase o catálogo común de cadeiras de rodas, órteses e ortoprotésese especiais.
 - b) Fíxanse os importes máximos de financiamento de cada tipo de produto cando se dispensan a usuarios do Sistema nacional de saúde.
 - c) Establécense os coeficientes de corrección que permiten calcular os prezos de Oferta para determinar o prezo final de facturación definitiva dos produtos ortoprotésicos aos responsables de prestación ortoprotésica, tanto cando se aboan directamente aos establecementos dispensadores como cando se reintegra o correspondente gasto aos usuarios.
 - d) Regúlase o procedemento de inclusión, alteración das condicións de uso e exclusión da Oferta de produtos ortoprotésicos do Sistema nacional de saúde para as ortoprotésese externas.

Artigo 2. *Modificación do anexo VI do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde e o procedemento para a súa actualización.*

Os dous parágrafos introdutorios e os números 1, 2, 3, 4, 5, 8, 9 e 10 do anexo VI do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, substitúense polo contido do anexo I desta orde.

Artigo 3. *Importes máximos de financiamento en ortoprotésese externas.*

1. O importe máximo de financiamento (en diante, IMF), que é a contía máxima fixada para cada tipo de produto de ortoprotésese externas para efectos do seu financiamento polo Sistema nacional de saúde, de acordo co previsto no Real decreto 1506/2012, do 2 de novembro, polo que se regula a carteira común suplementaria de prestación ortoprotésica do Sistema nacional de saúde e se fixan as bases para o establecemento dos importes máximos de financiamento en prestación ortoprotésica, reflíctese no catálogo común.

2. Cando na descrición dun tipo de produto no catálogo común figura que se deben prescribir, ademais, determinados compoñentes adicionais, o prescriptor elixirá os máis adecuados para cada usuario. O IMF da parte principal do produto engloba a elaboración e os custos de adaptación do conxunto da ortoprotésese externa, incluída a incorporación dos diferentes compoñentes adicionais que figuran na correspondente descrición. O IMF do produto final completo calcularase sumando ao IMF do tipo da parte principal do produto o dos compoñentes adicionais prescritos.

3. A actualización dos IMF rexeráse polo previsto no artigo 6 do Real decreto 1506/2012, do 2 de novembro. As empresas que consideren que existen motivos xustificados para modificar o IMF dun tipo de produto poderán solicitálo de forma argumentada á Dirección Xeral de Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia, que dará traslado ao Comité asesor para a prestación ortoprotésica para a súa valoración.

Artigo 4. *Oferta de produtos ortoprotésicos do Sistema nacional de saúde de ortoprotésese externas.*

1. A Oferta de produtos ortoprotésicos do Sistema nacional de saúde (en diante Oferta), no ámbito das ortoprotésese externas, recollerá os produtos ortoprotésicos non elaborados á medida que se clasifiquen nos tipos de produtos do catálogo común.

2. Soamente serán financiábeis polo Sistema nacional de saúde os produtos ortoprotésicos incluídos na Oferta, sen prexuízo do previsto no artigo 5.5 do Real decreto 1506/2012, do 2 de novembro. Ademais, no caso de produtos elaborados á medida, financiaranse todos aqueles produtos que se clasifiquen nun dos tipos de produtos do catálogo común e non superen o respectivo IMF.

3. A información dos produtos incluídos na Oferta recollerase no nomenclátor de prestación ortoprotésica. A Dirección Xeral de Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia porao ao dispor dos responsables de prestación ortoprotésica e daqueles outros axentes directamente implicados na xestión da prestación ortoprotésica, co contido e a periodicidade que determine o Comité asesor para a prestación ortoprotésica.

4. A Oferta terá carácter permanente, polo que as empresas poderán solicitar en calquera momento a inclusión na Oferta, tanto de produtos pertencentes aos tipos de produtos do catálogo común que xa teñan comercializados como dos novos que vaian pondo no mercado.

5. Todas as notificacións relativas á Oferta que a Dirección Xeral de Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia deba efectuar ás empresas, así como as actuacións concernentes ao procedemento de inclusión, alteración e exclusión da Oferta, realizaranse a través da aplicación de Oferta de produtos ortoprotésicos do Sistema nacional de saúde (OFEPO), conforme o previsto nos artigos 14.2 e 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6. A solicitude de inclusión dun produto na Oferta supón que a empresa acepta todas as condicións establecidas nesta orde e se compromete a manter actualizada a información do produto na OFEPO.

Artigo 5. *Requisitos das empresas e dos produtos na Oferta.*

1. As empresas que vaian solicitar a inclusión dos seus produtos de ortoprotésicas externas na Oferta deberán declarar a través da OFEPO que cumpren os seguintes requisitos:

a) Dispor da estrutura e medios adecuados para garantir a calidade dos produtos, segundo as actividades e produtos de que se trate, así como dun responsable técnico, coa titulación adecuada en función dos produtos que teña ao seu cargo, quen exercerá a supervisión directa de tales actividades.

b) Contar cunha estrutura organizativa capaz de garantir un adecuado servizo técnico dos seus produtos (reparacións e repostos) durante a vida media útil do produto.

c) Dispor dun procedemento de notificación en relación co sistema de vixilancia e alertas sanitarias.

d) Cumprir coas prescricións establecidas no Real decreto 1591/2009, do 16 de outubro, polo que se regulan os produtos sanitarios, incluíndo nos casos en que lles sexa de aplicación:

1.º Dispor das licenzas de funcionamento outorgadas pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios (AEMPS) ou das autorizacións de actividade das comunidades autónomas ou das cidades de Ceuta e Melilla, segundo corresponda en función da actividade que desempeñen.

2.º Ter efectuado as comunicacións ao rexistro de responsables da AEMPS ou aos rexistros de empresas distribuidoras das comunidades autónomas ou das cidades de Ceuta e Melilla segundo corresponda.

2. Os produtos que as empresas oferten deberán:

a) Reunir todos os requisitos establecidos no artigo 7 do Real decreto 1506/2012, do 2 de novembro, especialmente o referente á marcación CE e demais prescricións establecidas no Real decreto 1591/2009, do 16 de outubro.

b) Ter unha calidade que garanta a súa duración aos usuarios en condicións normais de uso durante a vida media establecida no catálogo común para o tipo de produto en que se encadren.

Artigo 6. *Procedemento de inclusión na Oferta.*

1. A empresa que desexa que un dos seus produtos de ortopróteses externas sexa financiado polo Sistema nacional de saúde previamente deberá darse de alta na aplicación OFEPO. Para isto consignará os datos relativos á empresa recollidos no anexo II.

2. Unha vez de alta, solicitará a inclusión do produto na Oferta a través da citada aplicación, consignando a información do produto que figura no anexo II e xuntando a documentación que se especifica no citado anexo. A empresa deberá propor para cada produto o tipo de produto do catálogo común en que se encadraría, así como o seu prezo de Oferta, para o cal incluírá na aplicación OFEPO o prezo de venda ofertado pola empresa sen impostos (en diante, prezo de empresa), a partir do cal se calculará automaticamente o prezo de Oferta de acordo co establecido no artigo 12.

3. Cando o prezo de Oferta dun produto supere o IMF do tipo de produto en que se encadre, a OFEPO indicará á empresa que dispón dun prazo de 15 días para adaptar o dito prezo ao IMF ou ben optar por comunicar o produto á Oferta co fin de que os responsables de prestación ortoprotésica dispoñan de información que lles permita facer efectivo o previsto no artigo 5.5 do Real decreto 1506/2012, do 2 de novembro. En caso de que a empresa non adapte o prezo de Oferta do produto nin opte por ser comunicado no dito prazo, entenderase que renuncia á súa solicitude.

4. A Subdirección Xeral de Carteira de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Fondos de Compensación revisará a documentación recibida e, tendo en conta as características do produto, valorará se é susceptible ou non de financiamento, aplicando os criterios de inclusión recollidos no artigo 7 do Real decreto 1506/2012, do 2 de novembro. Cando detecte deficiencias ou discrepancias na documentación facilitada pola empresa solicitante, notificará a esta, que deberá corrixilas nun máximo de tres meses, de conformidade co artigo 22.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Este período non será computable para efectos do prazo de resolución que se establece no número seguinte.

5. No prazo máximo de seis meses desde a presentación da solicitude, o titular da Dirección Xeral de Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia notificará ao interesado a resolución motivada que corresponda, con expresión dos recursos que procedan. Esta resolución non porá fin á vía administrativa e será impugnabile en alzada, no prazo dun mes, conforme o previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

6. Cando se determine a inclusión do produto na Oferta, nesa resolución notificaranse ao solicitante o tipo de produto asignado, o prezo de empresa e o correspondente prezo de Oferta aceptado, así como o código identificativo cuxas características se indican no artigo 11.

7. Se, transcorrido o prazo sinalado no número 5, non se tiver ditado resolución expresa, poderase entender estimada a solicitude, nos termos previstos no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e notificarase a través da OFEPO á empresa o código identificativo asignado ao produto.

8. A información de cada produto que se inclúa na Oferta incorporárase ao nomenclátor na data de inicio de comercialización en España comunicada pola empresa. Se o produto xa estaba comercializado cando se lle notifique á empresa a correspondente resolución, a información incorporárase no nomenclátor na data desa notificación. En caso de que existan causas que impidan á empresa pór no mercado o produto na data prevista, comunicará a través da OFEPO a nova data de inicio de comercialización e farase efectiva a súa inclusión no nomenclátor nesa data.

Artigo 7. *Procedemento de alteración da Oferta.*

1. As empresas deberán manter actualizada na Oferta toda a información tanto da propia empresa como a dos seus produtos. Para isto, os cambios nas condicións de uso dun produto serán obxecto de solicitude da correspondente alteración da Oferta antes de

levar a cabo estes cambios. Para estes efectos, considéranse cambios nas condicións de uso a modificación de calquera dos datos dun produto incluído na Oferta recollidos no anexo II, excepto a descrición do produto, as observacións, o fabricante, o país en que está establecido o fabricante, a data de comercialización e os documentos en formato electrónico adxuntos, que unicamente deberán ser obxecto dunha comunicación á Oferta a través da OFEPO.

2. A empresa responsable da comercialización do produto deberá presentar a solicitude da alteración da súa Oferta ao Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, a través da aplicación OFEPO, consignando a información que se establece no anexo III.

3. A Subdirección Xeral de Carteira de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Fondos de Compensación, á vista da documentación recibida, comprobará se as novas características do produto continúan aténdose á normativa vixente reguladora da prestación ortoprotésica e o prezo de Oferta se adecua ao IMF do tipo do produto en que se clasifica, seguindo os mesmos trámites previstos no artigo 6.

4. Cando a alteración da Oferta estea motivada por unha modificación substancial das características do produto que implique un cambio de tipo, a OFEPO asignará un novo código identificativo ao produto afectado. O prezo de Oferta do produto co novo código valorarase en función do IMF do novo tipo que lle corresponda, de acordo co indicado no artigo 6.3. Na resolución de aceptación da alteración notificaranse ao solicitante o novo código identificativo, o tipo de produto asignado, o prezo de empresa e o correspondente prezo de Oferta aceptado. Este prezo de Oferta aplicarase desde o momento en que se produza a comercialización do produto co novo código, e simultaneamente producirase a baixa na Oferta do código orixinal, de forma que a partir desa data a empresa non poderá comercializar o produto antigo con precinto.

5. Se a alteración se refire unicamente a un cambio no prezo de Oferta sen implicar outras modificacións no produto, o novo prezo de Oferta, que deberá ser sempre igual ou inferior ao IMF, entrará en vigor aos dous meses da notificación á empresa da aceptación desa alteración. Unha vez aceptado o novo prezo de Oferta, a empresa non poderá solicitar outra modificación do prezo até que teña transcorrido, ao menos, un prazo de seis meses desde a data da notificación antes citada, salvo no caso das revisións que determine o Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social con base no establecido no artigo 6 do Real decreto 1506/2012, do 2 de novembro, ou porque o produto sufra un cambio de tipo.

6. Se se revisa á baixa o IMF dun tipo, a OFEPO comunicará ás empresas que teñan produtos incluídos na Oferta clasificados nese tipo con prezo de Oferta superior ao novo IMF que deberán adaptar o seu prezo ao novo IMF para continuar incluídos na Oferta, ou optar a ser comunicados, segundo o previsto no artigo 6.3.

7. Cando un produto incluído na Oferta pase a ser comercializado por outra empresa que desexa manter o produto na Oferta, a nova empresa fará a correspondente solicitude por cambio de titular a través da aplicación OFEPO. A Subdirección Xeral de Carteira de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Fondos de Compensación notificarao á empresa que anteriormente comercializaba o produto para que no prazo de 15 días comunique se ten algunha obxección obxectiva que xustifique que non procede o cambio. En caso de non recibir ningunha obxección nese prazo, aceptarase o cambio de titular. Se, ademais, a nova empresa ten que comunicar outros cambios nas condicións de uso do produto, deberá presentar a oportuna alteración da Oferta, de acordo co establecido neste artigo.

8. Todos os cambios que se produzan na información dos produtos incluídos na Oferta realizados de acordo co establecido neste artigo reflectiranse no nomenclátor na data prevista de efecto da alteración comunicada pola empresa segundo se recolle no anexo III.

Artigo 8. *Procedemento de exclusión da Oferta.*

1. Serán excluídos da Oferta, mediante a oportuna resolución motivada da Dirección Xeral de Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia, os produtos en que concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando por aplicación da Orde SCO/3422/2007, do 21 de novembro, pola que se desenvolve o procedemento de actualización da carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde, se exclúa do catálogo común o tipo de produto en que se clasifican.

b) Cando se revise á baixa o valor do IMF dun tipo, segundo o previsto no artigo 7.6, e a empresa non adapte o prezo de Oferta do produto ao novo IMF nin opte por ser comunicado.

c) Se a Subdirección Xeral de Carteira de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Fondos de Compensación detecta que algún dos produtos incluídos na Oferta deixa de reunir as condicións para ser clasificado nalgún dos tipos do catálogo común ou os requisitos establecidos na lexislación vixente.

2. A partir da data de efecto da exclusión da Oferta notificada á empresa, non poderá seguir comercializando o produto co correspondente precinto identificativo e non será financiado polos responsables de prestación ortoprotésica.

Artigo 9. *Renovación da Oferta.*

1. Co fin de garantir que a información do nomenclátor está actualizada, as empresas renovarán a Oferta dos seus produtos cada tres anos, confirmando a información a través da OFEPO. Se for necesario modificar algún dato, a empresa deberá realizar a conseguinte solicitude de alteración da Oferta, de acordo co previsto no artigo 7.

2. Para facilitar a renovación, o primeiro día do trimestre natural en que se cumpran os tres anos da inclusión inicial do produto na Oferta, ou da última renovación, a aplicación OFEPO comunicarao automaticamente á respectiva empresa, dándolle un prazo de dous meses para confirmar a información do produto ou a realizar a oportuna alteración da Oferta.

3. En caso de non levar a cabo a renovación no prazo mencionado no número anterior, notificarase á empresa que a partir desa data se dá de baixa o produto na Oferta.

Artigo 10. *Comercialización dos produtos na Oferta.*

1. As empresas deberán ter comercializados os produtos de alta na Oferta para que se poida facilitar adecuadamente a prestación ortoprotésica aos usuarios do Sistema nacional de saúde. Se na solicitude de inclusión na Oferta indicaron que só os van comercializar nun determinado ámbito, esta obrigaón de comercialización circunscríbese ao correspondente ámbito.

2. Se for producirse un cesamento definitivo na comercialización dun produto ou a empresa responsable non desexa que continúe na Oferta por calquera motivo, deberá comunicar a baixa á OFEPO, cunha anticipación mínima dun mes, facilitando a información que se recolle no anexo IV.

3. Se unha empresa vai cesar na súa actividade ou non desexa que ningún dos seus produtos siga sendo financiado, darase de baixa na OFEPO e automaticamente todos os seus produtos tamén se darán de baixa.

4. Cando se produza a baixa dun produto na Oferta, a empresa non poderá comercializalo con precinto a partir da data de efecto da baixa, aínda que os establecementos dispensadores poderán continuar proporcionando o produto aos usuarios do Sistema nacional de saúde durante un máximo de doce meses desde o efecto da baixa.

5. En caso de que unha empresa non poida ter dispoñible no mercado de forma transitoria un produto ofertado, comunicará á Oferta a suspensión temporal de comercialización. Para isto, a empresa facilitará a información que se recolle no anexo IV a través da OFEPO un mes antes de que ocorra este suposto. Se se trata dunha circunstancia non previsible, comunicaráo o antes posible. Cando finalice o período previsto de duración da suspensión temporal, o produto pasará novamente a figurar de alta na Oferta. Se se produciron modificacións nos datos do produto, a empresa realizará a correspondente alteración da Oferta. Se o produto vai ser comercializado por outra empresa, actuarase de acordo co previsto no artigo 7.7.

6. Se antes da data prevista de finalización da suspensión temporal comunicada, a empresa estiver en condicións de comercializar de novo o produto, modificará esa data na OFEPO para que a partir dese momento o produto volva ser dado de alta. Polo contrario, se precisa prorrogar esa situación, indicará a nova data de duración da suspensión temporal prevista. Se a empresa considera que xa non vai volver comercializar o produto, procederá a dalo de baixa, segundo o establecido no número 2.

Artigo 11. *Identificación dos produtos incluídos na Oferta.*

1. Cada un dos produtos ortoprotésicos incluídos na Oferta identificarase de forma inequívoca cun código que para tal efecto lle será asignado pola Dirección Xeral de Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia na resolución mediante a cal se acepte a súa inclusión na Oferta.

2. O código será alfanumérico e estará composto por oito caracteres tal e como se especifica a seguir:

a) Unha letra que indica a epígrafe da prestación a que pertence o produto:

S = cadeiras de rodas; P = próteses externas; O = órteses; E = ortoprotéses especiais.

b) Seis números correlativos dentro de cada unha das epígrafes.

c) Un dígito de control.

3. Os produtos incluídos na Oferta irán dotados dun precinto identificativo, cos datos e características establecidas no número 1 do anexo V. O uso deste precinto está reservado aos indicados produtos, polo que queda prohibida a súa utilización en calquera produto ao cal non se lle notificase a súa inclusión na Oferta. En ningún caso as empresas ofertantes dos produtos poderán pór en circulación no mercado precintos identificativos non adheridos aos correspondentes envases.

4. As empresas dispoñen dun prazo máximo de dous meses desde que reciban a notificación de aceptación de inclusión dun produto na Oferta para comercializalo dotado do correspondente precinto identificativo.

5. Para efectos da xestión e control da prestación, así como da facturación dos produtos financiados polo Sistema nacional de saúde, o establecemento que dispense un produto ortoprotésico incluído na Oferta adherirá o precinto na factura ou no documento que para tal efecto establece a normativa do correspondente responsable de prestación ortoprotésica, como xustificante da dispensación, e consignará o número de serie ou de lote do produto. Se se trata de produtos á medida, a persoa responsable da dispensación do produto indicará o seu nome e asinará o citado documento.

6. En todo caso, os produtos incluídos na Oferta ou comunicados a esta deberán cumprir todos os requisitos de etiquetaxe que lles resulten de aplicación pola normativa de produtos sanitarios.

Artigo 12. *Prezo de Oferta e coeficiente de corrección.*

1. De acordo co indicado no artigo 2.8 do Real decreto 1506/2012, do 2 de novembro, para determinar os prezos de Oferta das ortoprotéses externas débense considerar os

custos de adaptación ou elaboración individualizada dos produtos, polo que exclusivamente para estes efectos:

a) A adaptación dun produto pode ter diferente grao de complexidade:

1.º Axuste básico: actuación non complexa que realiza o establecemento sanitario dispensador sobre un produto ortoprotésico elaborado segundo métodos de fabricación continua ou en serie para proporcionalo ao usuario.

2.º Adaptación individualizada: actuación que realiza o establecemento sanitario dispensador e adaptador que implica levar a cabo modificacións de diferente grao de complexidade nun produto ortoprotésico para adecualo a indicacións concretas do prescriptor ou ás características específicas do usuario a que vai destinado. En función do tempo e das actuacións que require a adaptación individualizada do produto aos usuarios, subdivídese en complexidade baixa, complexidade media e complexidade alta. Cando se trata de compoñentes, accesorios e recambios que son elementos constituíntes dunha ortoprótese externa ou que van ser incorporados a ela para adecuala ás necesidades dun determinado usuario, a adaptación á ortoprótese ten un grao variable de complexidade, polo que se diferencian en complexidade baixa, complexidade media e complexidade alta.

b) Elaboración individualizada: actuación para fabricar un produto ortoprotésico á medida especificamente segundo a prescripción escrita dun facultativo especialista, na cal este faga constar baixo a súa responsabilidade as características específicas de deseño, e que se destine unicamente a un paciente determinado.

2. Dado que os produtos á medida non serán ofertados polo elaborador, considerarase que o seu prezo de Oferta é o que reflecta o establecemento dispensador na factura, que incluírá as correspondentes marxes, os custos da súa elaboración individualizada e os impostos, e non poderá superar o IMF do tipo de produto en que se encadre.

3. Para os produtos non elaborados á medida o prezo de Oferta calcularase aplicando ao prezo de empresa o correspondente coeficiente de corrección que se fai efectivo mediante a seguinte fórmula, que considera o prezo de empresa e a complexidade da adaptación do produto, e engadiranse os impostos:

Prezo de Oferta = [(prezo de empresa x F) + A] + impostos.

Sendo F un factor que engloba as marxes da distribución e dos establecementos, cos seguintes valores dependendo do prezo de empresa do produto:

Prezo de empresa	Valor do factor F
Para os 1.000 primeiros euros	F = 1,30
Para o resto do prezo de empresa (a partir dos 1.000 €).	F = 1,20

e A un factor asociado ao grao de complexidade da adaptación de cada tipo de produto recollida no anexo I:

Grao de complexidade	Valor do factor A
BAS	A=10
ADAP1	A=20
ADAP2	A=50
ADAP3	A=120
COMP0	A=10
COMP1	A=20
COMP2	A=40
COMP3	A=60

4. Cando unha empresa solicite a inclusión dun produto na Oferta, OFEPO calculará automaticamente o prezo de Oferta aplicando ao prezo de empresa o coeficiente de corrección e un 10 % de impostos. Unha vez resolta a solicitude, de acordo co previsto no artigo 6, o prezo de Oferta figurará no nomenclátor. Dado que os impostos que corresponden a un produto son variables en función do ámbito xeográfico onde se dispense o produto e do grao de discapacidade do usuario, o nomenclátor recollerá tamén o prezo de Oferta sen impostos.

5. O importe de facturación definitiva é o prezo final que aboará o respectivo responsable de prestación ortoprotésica por un produto, salvo cando o adquira por concurso ou mediante outro procedemento de selección transparente e obxectivo. É o resultante de aplicar os impostos que correspondan ao prezo de Oferta sen impostos, e descontar, se for o caso, a achega do usuario vixente.

6. Non obstante, os responsables de prestación ortoprotésica poderán establecer, nos casos en que así o consideren oportuno, cantidades adicionais para aboar aos establecementos para algúns tipos de produtos cando se requiran actuacións especiais específicas pola súa parte, como pode ser o desprazamento reiterado ao domicilio do usuario ou ao hospital en que se encuentre este ingresado no momento da indicación do produto.

Artigo 13. *Produtos comunicados á Oferta.*

1. De acordo co previsto no artigo 6.3, as empresas poden optar por comunicar á Oferta aqueles produtos pertencentes aos tipos de produtos recollidos no catálogo común que cumpran os requisitos exixidos para solicitar a súa inclusión na Oferta pero superen o IMF. Estes produtos non terán prezo de Oferta, pero si un prezo comunicado á OFEPO (en diante, prezo de venda). Para calcular o prezo de venda de cada un dos produtos comunicados á Oferta, aplicarase ao correspondente prezo de empresa o coeficiente de corrección que se recolle no artigo 12.

2. Os produtos comunicados á Oferta poderán ser dispensados ao usuario con cargo ao Sistema nacional de saúde cando a normativa do correspondente responsable de prestación ortoprotésica así o estableza expresamente no seu ámbito de xestión respectivo. Os responsables de prestación ortoprotésica aboarán por estes produtos o IMF correspondente ao tipo de produto en que se clasifican, aplicando os impostos correspondentes en función do ámbito xeográfico onde se dispense o produto e do grao de discapacidade do usuario, e descontando, se for o caso, a achega, aboando o usuario a diferenza co prezo de venda, de acordo co establecido no artigo 5.5 do Real decreto 1506/2012, do 2 de novembro.

3. O procedemento para a comunicación dun produto á Oferta farase conforme o previsto no artigo 6. Cando a documentación facilitada pola empresa estea completa e correcta, na resolución de aceptación da comunicación notificarase á empresa o correspondente código identificativo, que terá as características recollidas no artigo 11.2. A información relativa aos ditos produtos recollerase no nomenclátor de prestación ortoprotésica, diferenciándoos dos incluídos na Oferta.

4. Os produtos comunicados á Oferta levarán unha etiqueta autoadhesiva coas características que se sinalan no número 2 do anexo V. O establecemento dispensador deberá utilizala como xustificante da dispensación, igual que se prevé para o precinto identificativo no artigo 11.5. As empresas dispoñen dun prazo máximo de dous meses contados a partir do momento en que reciban a notificación de aceptación da comunicación do produto, para comercializalo dotado da correspondente etiqueta autoadhesiva.

5. As empresas que comercialicen produtos comunicados á Oferta deberán seguir o procedemento establecido no artigo 7 cando se produzan cambios nas súas condicións de uso, pero non lles será de aplicación o prazo de seis meses previsto no artigo 7.5 para solicitar modificacións do prezo.

6. A comunicación á Oferta deberá ser renovada polas empresas cada tres anos mediante o mesmo procedemento que se establece no artigo 9 para os produtos incluídos na Oferta. En caso de non realizar a renovación dun produto, anularase a información

deste na Oferta, o que se notificará á empresa e desde ese momento non poderá comercializalo coa etiqueta autoadhesiva.

7. A comercialización dos produtos comunicados á Oferta estará suxeita ao previsto no artigo 10 e á etiqueta autoadhesiva seralle de aplicación o establecido para o precinto identificativo no dito artigo.

Disposición adicional primeira. *Posta en marcha da Oferta.*

1. A empresa que, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 5.1, desexe ofertar ao Sistema nacional de saúde un dos seus produtos comercializados que reúna as condicións sinaladas no artigo 5.2, deberá comunicar no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta orde, ao sistema informatizado para a recepción de comunicacións de produtos ortoprotésicos ao Sistema nacional de saúde (SIRPO), a información sobre o produto a que se refire a Orde SSI/566/2014, do 8 de abril, pola que se crea o sistema informatizado para a recepción de comunicacións de produtos ortoprotésicos ao Sistema nacional de saúde.

2. Finalizado este prazo de seis meses e en tanto se inicie a Oferta, as empresas facilitarán ao SIRPO a información dos produtos de nova comercialización, así como a dos que non se puideron comunicar durante ese prazo por motivos debidamente xustificadas pola empresa.

3. Cando estea operativa a aplicación OFEPO, por resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia establecerase a data de inicio da Oferta. A partir dese momento, as empresas que desexen realizar unha solicitude de inclusión na Oferta do Sistema nacional de saúde de acordo co procedemento previsto no artigo 6 deberán completar e, se for o caso, modificar, a través da correspondente aplicación OFEPO, a información previamente comunicada ao SIRPO, de modo que non terán que comunicar novamente a información do anexo II xa dispoñible.

4. Transcorridos dez meses desde o inicio da Oferta, os responsables de prestación ortoprotésica só financiarán os produtos incluídos na Oferta do Sistema nacional de saúde, ademais dos produtos á medida que non superen o IMF correspondente e dos que poidan financiar no seu ámbito como prestación complementaria ou en aplicación do disposto no artigo 5.5 do Real decreto 1506/2012, do 2 de novembro.

5. Os produtos que se inclúan na Oferta durante o período de dez meses sinalado no número anterior poderán ser dispensados sen precinto identificativo até dous meses despois de finalizar o citado período. Este mesmo prazo será de aplicación aos produtos a que se refire o artigo 13 respecto ao uso das etiquetas autoadhesivas.

Disposición adicional segunda. *Adaptación dos catálogos.*

Os responsables de prestación ortoprotésica adaptarán os tipos de produtos dos seus respectivos catálogos ao disposto no catálogo común establecido nesta orde no prazo máximo de seis meses desde a súa entrada en vigor.

Disposición adicional terceira. *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas nesta orde non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal ao servizo do sector público.

Disposición transitoria primeira. *Operatividade do SIRPO.*

Manterase operativo o SIRPO até dez meses despois do inicio da Oferta. Durante ese tempo, antes de solicitar a inclusión dun produto na Oferta, a empresa comunicará ao SIRPO a información do produto, conforme o disposto na disposición adicional primeira. Finalizado este prazo, para solicitar a inclusión dun produto na Oferta a empresa deberá consignar directamente na OFEPO toda a información recollida no anexo II. Isto aplicarase tamén aos produtos cuxa información fose comunicada pola empresa previamente ao SIRPO dentro dese prazo pero esta non realizase a correspondente solicitude de inclusión na Oferta.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación da achega do usuario.*

1. En canto se establecen os límites da achega da prestación ortoprotésica suplementaria, previstos no artigo 9.3 do Real decreto 1506/2012, do 2 de novembro, continuarase aplicando a achega recollida no anexo VI do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro. Non obstante, serán de aplicación as exencións de achega previstas no artigo 9.4 do mencionado Real decreto 1506/2012, do 2 de novembro.

2. Actualízanse a denominación e codificación dos subgrupos de órteses e ortoprotésicas especiais a que se aplica esa achega, para adaptalos aos equivalentes do catálogo común que figuran no anexo I desta orde:

9. Órteses

- 06 03 06 Órteses lumbosacras (achega do usuario: 30 euros).
- 06 03 09 Órteses toraco-lumbosacras (dorso-lumbares) (achega do usuario: 30 euros).
- 06 03 12 Órteses cervicais (achega do usuario: 30 euros).
- 06 03 15 Órteses cérvico-torácicas (achega do usuario: 30 euros).
- 06 03 18 Órteses cérvico-toraco-lumbosacras (achega do usuario: 30 euros).
- 06 06 03 Órteses de dedos (achega do usuario: 12 euros).
- 06 06 06 Órteses de man (achega do usuario: 12 euros).
- 06 06 12 Órteses de pulso e man (achega do usuario: 30 euros).
- 06 06 13 Órteses de pulso, man e dedos (achega do usuario: 30 euros).
- 06 06 15 Órteses de cóbado (achega do usuario: 30 euros).
- 06 06 20 Órteses de antebrazo (achega do usuario: 30 euros).
- 06 06 24 Órteses de ombro e cóbado (achega do usuario: 30 euros).
- 06 06 27 Órteses de ombro, cóbado e pulso (achega do usuario: 30 euros).
- 06 06 36 Articulacións de cóbado (achega do usuario: 0 euros).
- 06 12 06 Órteses de nocello e pé (tibiais) (achega do usuario: 30 euros).
- 06 12 09 Órteses de xeonllo (achega do usuario: 30 euros).
- 06 12 12 Órteses de xeonllo, nocello e pé (femorais) (achega do usuario: 30 euros).
- 06 12 15 Órteses de cadeira, incluíndo órteses de abducción (achega do usuario: 30 euros).
- 06 12 18 Órteses de cadeira, xeonllo, nocello e pé (achega do usuario: 30 euros).
- 06 12 21 Articulacións de nocello (achega do usuario: 0 euros).
- 06 12 24 Articulacións de xeonllo (achega do usuario: 0 euros).
- 06 12 27 Articulacións de cadeira (achega do usuario: 0 euros).
- 06 33 90 Calzados ortopédicos para grandes deformidades (achega do usuario: 36 euros).

10. Ortoprotésicas especiais

- 12 03 09 Muletas de cóbado con soporte en antebrazo (achega do usuario: 12 euros).
- 12 03 16 Muletas con tres ou máis patas (achega do usuario: 12 euros).
- 12 06 00 Andadores (achega do usuario: 30 euros).
- 04 06 06 Artigos de compresión para brazos, pernas e outras partes do corpo para linfedemas de membros superiores, linfedemas graves de membros inferiores e linfedemas de tronco (achega do usuario: 30 euros).
- 04 07 00 Artigos de compresión para brazos, pernas e outras partes do corpo para queimados e grandes queloides (achega do usuario: 30 euros).
- 04 33 00 Coxíns para previr as úlceras por presión (achega do usuario: 30 euros).
- 04 48 06 Aparellos de bipedestación (achega do usuario: 30 euros).
- 04 48 21 Planos inclinables (achega do usuario: 30 euros).

Disposición transitoria terceira. *Próteses externas.*

En canto se determinan os tipos de produtos do número 7 de próteses externas do anexo VI do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, non serán de aplicación aos produtos correspondentes a ese número nin os IMF nin o procedemento de inclusión, alteración e exclusión da Oferta previsto nesta norma.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogada a Orde SSI/566/2014, do 8 de abril, pola que se crea o sistema informatizado para a recepción de comunicacións de produtos ortoprotésicos ao Sistema nacional de saúde (SIRPO), así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A presente orde dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.16ª da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Orde SPI/1117/2011, do 26 de abril, pola que se regula o Comité asesor para a prestación ortoprotésica.*

A alínea b) do número 2 do artigo único da Orde SPI/1117/2011, do 26 de abril, pola que se regula o Comité asesor para a prestación ortoprotésica, queda modificado como segue:

«b) Vogais, que serán designados pola respectiva institución a que representan entre as persoas que desempeñan funcións relativas á prestación ortoprotésica:

1.º Un representante da Subdirección Xeral de Carteira de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Fondos de Compensación.

2.º Un representante do Departamento de Produtos Sanitarios da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios.

3.º Un representante da Secretaría de Estado de Servizos Sociais.

4.º Un representante da Rede española de axencias de avaliación de tecnoloxías sanitarias e prestacións do Sistema nacional de saúde, designado pola Secretaría Técnica da Rede.

5.º Un representante de cada unha das comunidades autónomas.

6.º Un representante do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria (INXESA).

7.º Un representante de cada unha das mutualidades de funcionarios: Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado (MUFACE), Mutualidade Xeral Xudicial (MUXEXU) e Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS).

8.º Un representante do Ministerio de Facenda.

9.º Un representante do Ministerio de Economía e Empresa.

Ademais, integraranse como vogais tres expertos, dos cales dous serán facultativos especialistas do Sistema nacional de saúde, logo do informe das sociedades científicas relacionadas coa especialidade deses facultativos, e o terceiro por proposta do Consello Nacional da Discapacidade. Todos eles designados pola persoa titular do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, logo de informe ao Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

Para cada un dos vogais designarase un titular e un suplente.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Orde SCO/3422/2007, do 21 de novembro, pola que se desenvolve o procedemento de actualización da carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde.*

O número 1 do artigo 6 da Orde SCO/3422/2007, do 21 de novembro, pola que se desenvolve o procedemento de actualización da carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde, queda modificado como segue:

«1. As propostas de actualización da carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde serán formuladas polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, polas administracións sanitarias das comunidades autónomas ou polas mutualidades de funcionarios, por propia iniciativa ou por petición razoada de terceiros interesados».

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día 1 de xullo de 2019.

Madrid, 22 de xaneiro de 2019.—A ministra de Sanidade, Consumo e Benestar Social, María Luísa Carcedo Roces.

ANEXO I

Carteira común de servizos de prestación ortoprotésica

«A prestación ortoprotésica consiste na utilización de produtos sanitarios, implantables ou non, cuxa finalidade é substituír total ou parcialmente unha estrutura corporal, ou ben modificar, corrixir ou facilitar a súa función, comprendendo os elementos precisos para mellorar a calidade de vida e a autonomía do usuario.

Esta prestación será facilitada polos servizos de saúde ou dará lugar a axudas económicas, nos casos e de acordo coas normas que regulamentariamente establezan as administracións sanitarias competentes.

1. Contido

1.1 A carteira común de servizos de prestación ortoprotésica comprende:

a) Os implantes cirúrxicos, que forman parte da carteira común básica de servizos asistenciais, na cal tamén se inclúen as ortopróteses externas de uso en pacientes ingresados.

b) As ortopróteses externas de dispensación ambulatoria, que son integrantes da carteira común suplementaria. Están constituídas polas próteses externas, as cadeiras de rodas, as órteses e as ortopróteses especiais.

1.2 Non constitúen parte desta prestación os artigos ortoprotésicos destinados a uso deportivo nin os utilizados con finalidade estética que non garden relación con accidente, enfermidade ou malformación conxénita, nin aqueles dos cales se realice publicidade dirixida ao público en xeral.

1.3 A carteira común de servizos de prestación ortoprotésica faise efectiva mediante os correspondentes catálogos comúns de implantes cirúrxicos e de ortopróteses externas que figuran nos números 6, 7, 8, 9 e 10, nos cales se inclúen, se for o caso, as súas condicións de uso ou o tipo de discapacidade ou indicación clínica que xustifica a súa prescrición:

a) No número 6 establécese o catálogo común de implantes cirúrxicos, no cal se recollen as correspondentes divisións codificadas con dous caracteres e os grupos codificados con catro caracteres, así como as respectivas desagregacións, que alcanzan diferentes niveis que permiten agrupar produtos con características similares.

b) Nos números 7, 8, 9 e 10 figura o catálogo común de ortopróteses externas en que se recollen os respectivos grupos (codificados con catro caracteres) e subgrupos (seis caracteres).

Estes desagreganse en categorías, identificadas con códigos homologados de seis caracteres, que, pola súa vez, se dividen en tipos de produtos (codificados con sete caracteres).

1.4 No caso das ortopróteses externas:

a) O catálogo común, ademais, recolle a seguinte información para cada tipo de produto:

1.º Se é de elaboración individualizada ou require adaptación co seu respectivo grao de complexidade.

2.º A vida media expresada en meses, que é o tempo medio de duración dun produto en condicións normais de uso.

3.º O importe máximo de financiamento (IMF) cun imposto sobre o valor engadido (IVE) do 10 %, así como o correspondente IMF sen impostos.

b) Os produtos financiados correspondentes aos tipos de produtos incluídos no catálogo común non elaborados á medida recolleranse na Oferta de produtos ortoprotésicos do Sistema nacional de saúde, de acordo co establecido no artigo 4 do Real decreto 1506/2012, do 2 de novembro.

2. *Conceptos*

2.1 **Implante cirúrxico:** produto sanitario deseñado para ser implantado total ou parcialmente no corpo humano mediante intervención cirúrxica e destinado a permanecer alí despois da intervención. Ten finalidade terapéutica cando substitúe total ou parcialmente unha estrutura corporal ou unha función fisiolóxica que presenta algún defecto ou anomalía, ou ben ten finalidade diagnóstica. Os produtos destinados a permanecer no corpo humano menos de 30 días non se consideran incluídos na parte de implantes cirúrxicos, ben que os centros sanitarios facilitarán aos usuarios aqueles que, sendo seguros e eficaces, precisen para a súa adecuada atención, utilizando para isto a vía que consideren máis adecuada para garantir a máxima eficiencia.

2.2 **Ortoprótese externa:** produto sanitario non implantable que require unha elaboración ou adaptación individualizada ao usuario ou un axuste básico e que comprende as seguintes alíneas:

a) **Prótese externa:** ortoprótese externa dirixida a substituír total ou parcialmente un órgano ou unha estrutura corporal ou a súa función.

b) **Cadeira de rodas:** ortoprótese externa coa consideración de vehículo individual que permite o traslado dunha persoa que perdeu de forma permanente a capacidade de marcha funcional, adecuado ao seu grao de discapacidade.

c) **Órtese:** ortoprótese externa que vai destinada a modificar as condicións estruturais ou funcionais do sistema neuromuscular ou do esqueleto.

d) **Ortoprótese especial:** ortoprótese externa que modifica ou substitúe unha función corporal ou facilita a deambulación de persoas con mobilidade reducida de forma permanente, que non poida considerarse incluída nas alíneas anteriores.

3. *Acceso á prestación ortoprotésica*

3.1 Todos os usuarios do Sistema nacional de saúde terán acceso ao catálogo común sempre que exista unha indicación clínica e sanitaria para isto, con independencia do ámbito xeográfico en que se encontren.

3.2 Os responsables de prestación ortoprotésica establecerán os seus respectivos catálogos, que conterán, ao menos, os tipos de produtos do catálogo común a que se refiren os números 6, 7, 8, 9 e 10.

3.3 O acceso á prestación ortoprotésica farase, garantindo as necesidades sanitarias dos usuarios, na forma que estableza para o efecto o correspondente responsable de prestación ortoprotésica.

4. Procedemento de obtención

4.1 No caso dos implantes cirúrxicos, as administracións sanitarias responsables da xestión establecerán o procedemento de adquisición pola vía que consideren máis adecuada para lograr a máxima eficiencia e o seu adecuado fornecemento.

4.2 No caso de ortopróteses externas:

a) Cada responsable de prestación ortoprotésica determinará o procedemento de obtención desta prestación no seu ámbito, así como as condicións de acceso, de indicación e prescrición, de xestión, de elaboración e de aplicación do seu catálogo e, se procede, de préstamo, aluguer, recuperación e reparación dos artigos. Este procedemento establecerá a posibilidade de que o usuario non teña que adiantar o importe dos produtos cando se trate de persoas con escasos recursos económicos ou de produtos de elevado importe.

b) A prestación ortoprotésica correrá a cargo do responsable de prestación ortoprotésica do ámbito en que se atenda o paciente, ben que se levará a cabo a compensación que proceda en función do establecido no artigo 3 do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguranza das súas prestacións.

c) A indicación dun tipo de produto deberá ser realizada por un médico especialista na materia correspondente á clínica que xustifique a prescrición. Para a indicación atenderase a criterios de individualización en relación coa persoa usuaria e as súas condicións de saúde e de calidade de vida, tales como idade, evolución previsible da patoloxía ou discapacidade, situación laboral e social, grao de autonomía persoal e acceso a servizos da comunidade, e outros de análoga significación.

d) Os responsables de prestación ortoprotésica poderán establecer nos seus respectivos catálogos, ademais dos casos de especial prescrición sinalados no catálogo común, os tipos de produtos que só poderán ser indicados no seu ámbito por determinados especialistas ou polas unidades clínicas que designen para o efecto.

e) Os responsables de prestación ortoprotésica establecerán o período de renovación dos produtos susceptibles dela. Ese período poderá reducirse en casos xustificadas polo prescriptor por tratarse de nenos nos cales se require unha adecuación á etapa de crecemento ou de usuarios en que a evolución da súa patoloxía ou cambios antropométricos así o exixan ou ben cando concorran circunstancias obxectivas que inflúan nun especial desgaste dos produtos. O mero feito do transcurso do prazo de renovación do produto non xera automaticamente a necesidade de renovación, senón que deberá ser valorada especificamente en cada caso polo prescriptor. A renovación só poderá concederse cando non sexa debida ao mal trato ou uso inadecuado do produto por parte do usuario, nas condicións que determine o correspondente responsable de prestación ortoprotésica.

f) Os establecementos sanitarios dispensadores e adaptadores de produtos ortoprotésicos (en diante establecementos) que opten por dispensar produtos a cargo do Sistema nacional de saúde asumirán todas as condicións establecidas neste anexo e non poderán cobrar ao usuario cantidades adicionais á achega que, se for o caso, lle puiden corresponder en función do tipo de produto, salvo cando así o autorice o correspondente responsable de prestación ortoprotésica de acordo co previsto no artigo 5.5 do Real decreto 1506/2012, do 2 de novembro.

4.3 Os responsables de prestación ortoprotésica reclamarán aos terceiros obrigados ao pagamento o importe da prestación ortoprotésica nos supostos establecidos no anexo IX.

5. Requisitos xerais da prestación ortoprotésica

5.1 Co fin de garantir a calidade da prestación ortoprotésica, os produtos deben cumprir os requisitos establecidos na lexislación vixente de produtos sanitarios que lles resulte de aplicación.

5.2 No caso de ortopróteses externas, ademais, establécense os seguintes requisitos:

a) Na prescrición dos produtos ortoprotésicos deberán constar, como mínimo, os seguintes datos:

1.º Responsable da prescrición: datos de identificación do facultativo (nome, número de colexiado ou código de identificación, centro sanitario e servizo).

2.º Usuario: datos de identificación; colectivo a que pertence (TSI 001: exentos de achega, TSI 002: pensionistas e beneficiarios de renda < 100.000 €, TSI 003: activos e beneficiarios de renda < 18.000 €, TSI 004: activos e beneficiarios de renda =18.000-100.000 €, TSI 005: usuarios e beneficiarios de renda > 100.000 €, TSI 006: usuarios e beneficiarios de mutualidades de funcionarios, ATEP: accidente de traballo e enfermidade profesional e DAST: usuarios no marco de aplicación da Directiva 2011/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2011, relativa á aplicación dos dereitos dos pacientes na asistencia sanitaria transfronteiriza); data de nacemento; peso e estatura, se procede.

3.º Motivo da prescrición: accidente de traballo, accidente de tráfico, accidente deportivo, outro tipo de accidente (especificar), malformación conxénita, enfermidade ou outra orixe (especificar).

4.º Diagnóstico: discapacidade ou patoloxía que xustifica a prescrición; patoloxías concomitantes que influan na prescrición; outra información clínica de interese.

5.º Valoración social (cando proceda): actividades que realiza (laborais, lecer, etc.), medio en que vive ou outras circunstancias que poidan influír na prescrición ou renovación dos produtos.

6.º Prescrición: data; tipo de produto ou nome do produto; clase de prescrición (primeira prescrición, renovación coa xustificación do motivo, reparación ou recambio); recomendacións de uso. Cando para compor un produto final completo sexa necesario indicar a un usuario produtos de varios tipos diferentes, todos eles se indicarán xuntamente constituíndo para todos os efectos unha única prescrición.

7.º Sinatura do responsable da prescrición.

8.º Revisións que haxa que realizar, se for o caso.

b) O responsable da prescrición dará o visto e prace de forma expresa ao produto entregado ao usuario que require unha adaptación individualizada ou elaborado á medida, tras comprobar que se axusta ás súas indicacións, ás necesidades do usuario e que está adecuadamente adaptado ou elaborado, ou indicará as modificacións que deben introducirse no produto, nos casos e mediante o procedemento que regulen os responsables de prestación ortoprotésica nos seus respectivos ámbitos.

c) A adaptación e a dispensación dos produtos ortoprotésicos realizaranse nos establecementos autorizados para este fin pola correspondente Administración competente. De acordo co que se indica no artigo 3.4 do Real decreto 1506/2012, do 2 de novembro, estes establecementos deberán reunir os requisitos que estableza a comunidade autónoma ou cidade autónoma en que estean situados. Poderán determinar requisitos específicos tendo en conta a forma de elaboración ou o grao de complexidade da adaptación dos tipos de produtos que pode proporcionar cada un deles aos usuarios do Sistema nacional de saúde, a fin de que se salvagarde unha correcta elaboración e adaptación da prestación prescrita ao usuario e se garanta o acceso dos usuarios en condicións de igualdade efectiva. En todo caso, tratarase de establecementos sanitarios que contén coa correspondente autorización sanitaria, de acordo co disposto no Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.

d) As autoridades sanitarias competentes porán ao dispor dos usuarios a relación dos establecementos do seu ámbito de xestión que, cumprindo os requisitos mencionados na alínea anterior, poidan dispensar os diferentes tipos de produtos aos usuarios do Sistema nacional de saúde.

e) Os establecementos só poderán dispensar produtos pertencentes ao tipo de produto previamente indicado polo facultativo no documento de prescrición. En caso de que na prescrición figure o nome dun produto concreto, poderán dispensar outro produto do mesmo tipo incluído na Oferta sempre que o permita a normativa da correspondente comunidade autónoma e que o facultativo prescriptor non indicase nada en contra da substitución.

f) Sempre que se trate de produtos elaborados á medida ou que requiren unha adaptación individualizada ao usuario:

1.º Correrán a cargo do establecemento cantas rectificacións imputables á elaboración e adaptación sexan precisas.

2.º Na elaboración dos produtos, o establecemento axustarase ás indicacións consignadas polo especialista prescriptor.

g) A entrega do produto ao usuario deberá ir acompañada da información establecida na normativa de produtos sanitarios, do certificado de garantía e dunha folla informativa, en linguaxe comprensible e accesible para persoas con discapacidade, coas recomendacións precisas para a súa mellor conservación en condicións de utilización normal e as advertencias para evitar o mal uso, de acordo co que estableza o responsable de prestación ortoprotésica. Todo isto, sen prexuízo do disposto no Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias.

5.3 No caso dos implantes cirúrxicos, ademais da información establecida na normativa de produtos sanitarios, débese facilitar aos pacientes unha folla informativa coas instrucións, así como as recomendacións, contraindicacións e precaucións que deben tomarse en cada caso.

8. Cadeiras de rodas

Grupo: 12 22 Cadeiras de rodas de propulsión manual (non se consideran incluídas as cadeiras de rodas manuais con rodas grandes dianteiras manobradas polos dous brazos, as cadeiras de rodas propulsadas co pé, nin as cadeiras de rodas con motor, salvo as incluídas no grupo 12 23)

Subgrupo: 12 22 00 Cadeiras de rodas manuais para persoas con patoloxías ou discapacidades que lles impidan a marcha funcional de forma permanente.

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
SRM 000 Cadeira de rodas manual non autopropulsable non encartable (ríxida).	SRM 000A Cadeira de rodas manual non autopropulsable non encartable (ríxida), con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables.	BAS	48	258,15	234,68
	SRM 000B Cadeira de rodas manual non autopropulsable non encartable (ríxida), con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables, para usuarios de máis de 130 kg.	BAS	48	549,87	499,88
SRM 010 Cadeira de rodas manual non autopropulsable encartable.	SRM 010A Cadeira de rodas manual non autopropulsable encartable, con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables.	BAS	36	258,15	234,68
	SRM 010B Cadeira de rodas manual non autopropulsable encartable, con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables, con respaldo reclinable.	BAS	36	358,15	325,59
	SRM 010C Cadeira de rodas manual non autopropulsable encartable, con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables, para usuarios de máis de 130 kg.	BAS	36	549,87	499,88

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
SRM 020 Cadeira de rodas manual non autopropulsable encartable ou ríxida, infantil.	SRM 020A Cadeira de rodas manual non autopropulsable encartable, infantil, para alteracións funcionais, tipo paraugas.	BAS	24	515,17	468,34
	SRM 020B Cadeira de rodas manual non autopropulsable, desmontable, de encarte en libro, basculante, infantil axustable ao crecemento do neno.	ADAP2	24	1.618,94	1.471,76
	SRM 020C Cadeira de rodas manual non autopropulsable, encartable ou ríxida, basculante, infantil, para alteracións neurolóxicas graves.	ADAP2	24	2.146,79	1.951,63
SRM 030 Cadeira de rodas manual autopropulsable non encartable (ríxida).	SRM 030A Cadeira de rodas manual autopropulsable non encartable (ríxida), con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables.	BAS	36	258,15	234,68
	SRM 030B Cadeira de rodas manual autopropulsable non encartable (ríxida), con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables, para usuarios de máis de 130 kg.	BAS	36	549,87	499,88
	SRM 030C Cadeira de rodas manual autopropulsable non encartable (ríxida), de verticalización, con sistema de suxeición en xeonllo, para usuarios activos con lesión medular conxénita ou adquirida e antecedentes de úlcera por decúbito recidivante a pesar de tratamento cirúrxico (especial prescrición).	ADAP1	36	3.157,55	2.870,50
SRM 040 Cadeira de rodas manual autopropulsable encartable.	SRM 040A Cadeira de rodas manual autopropulsable e encartable, con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables.	BAS	36	258,15	234,68
	SRM 040B Cadeira de rodas manual autopropulsable e encartable, con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables, con respaldo reclinable.	BAS	36	478,85	435,32
	SRM 040C Cadeira de rodas manual autopropulsable e encartable, con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables, para usuarios de máis de 130 kg.	BAS	24	549,87	499,88
	SRM 040D Cadeira de rodas manual autopropulsable e encartable, con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables, con rodas de desmontaxe rápida, de material lixeiro.	ADAP1	36	413,23	375,66
	SRM 040E Cadeira de rodas manual autopropulsable e encartable, con repousabrazos desmontables e/ou abatibles e repousapés abatibles e regulables, con rodas de desmontaxe rápida, de material lixeiro, infantil.	ADAP1	36	900,00	818,18
	SRM 040F Cadeira de rodas manual autopropulsable e encartable, con repousabrazos desmontables e/ou abatibles, repousapés abatibles e regulables, con rodas de desmontaxe rápida, de material lixeiro para usuarios activos, con patoloxía medular de calquera etioloxía ou enfermidades neuromusculares (especial prescrición).	ADAP1	36	2.000,85	1.818,95
SRM 050 Chasis e cadeira basculante para alteracións neurolóxicas graves.	SRM 050A Chasis posicionador basculante, incluíndo rodas e freos, susceptible de adaptacións especiais, para alteracións neurolóxicas graves (especial prescrición).	ADAP3	36	1.604,08	1.458,25
	SRM 050B Chasis posicionador basculante, de material lixeiro, incluíndo rodas e freos, susceptible de adaptacións especiais, para alteracións neurolóxicas graves (especial prescrición).	ADAP3	36	1.936,00	1.760,00
	SRM 050C Cadeira basculante, con asento e respaldo reclinable, repousacabezas, repousabrazos extraíbles, repousapés elevables, e control postural de tronco, para alteracións neurolóxicas graves (especial prescrición).	ADAP2	36	2.574,79	2.340,72

A aquelas persoas que pola súa elevada obesidade non poidan utilizar cadeiras dos tipos SRM 000B, SRM 010C, SRM 030B e SRM 040C poderáselles prescribir unha cadeira de rodas á medida, con importe segundo orzamento.

Grupo: 12 23 Cadeiras de rodas motorizadas

Subgrupo: 12 23 06 Cadeiras de rodas de propulsión eléctrica e dirección eléctrica para persoas con limitacións funcionais graves do aparello locomotor por enfermidade, malformación ou accidente que cumpran todos e cada un dos requisitos seguintes:

- a) Incapacidade permanente para a marcha independente.
- b) Incapacidade funcional permanente para a propulsión de cadeiras de rodas manuais coas extremidades superiores.
- c) Suficiente capacidade visual, mental e de control que lles permita o manexo de cadeiras de rodas eléctricas e isto non supoña un risco engadido para a súa integridade e a doutras persoas.

Para a prescrición das cadeiras de propulsión eléctrica débense ter en conta os criterios que se recollen nos protocolos que estableza para isto o responsable de prestación ortoprotésica.

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
SRE 000 Cadeira de rodas eléctrica.	SRE 000A Cadeira de rodas eléctrica estándar.	ADAP2	48	3.520,00	3.200,00
	SRE 000B Cadeira de rodas eléctrica, infantil.	ADAP2	48	4.015,00	3.650,00
	SRE 000C Cadeira de rodas eléctrica, para usuarios de máis de 130 kg.	ADAP2	60	4.725,72	4.296,11
	SRE 000D Cadeira de rodas eléctrica, con basculación manual.	ADAP2	60	4.125,00	3.750,00
	SRE 000E Cadeira de rodas eléctrica, con basculación manual, infantil.	ADAP2	60	4.620,00	4.200,00
	SRE 000F Cadeira de rodas eléctrica, con basculación electrónica.	ADAP2	60	4.455,00	4.050,00
	SRE 000G Cadeira de rodas eléctrica, con basculación electrónica, infantil.	ADAP2	60	4.950,00	4.500,00

A aquelas persoas que pola súa elevada obesidade non poidan utilizar cadeiras do tipo SRE 000C poderáselles prescribir unha cadeira de rodas á medida, con importe segundo orzamento.

Grupo: 12 24 Accesorios para cadeiras de rodas para persoas con patoloxías ou discapacidades que lles impidan a marcha funcional de forma permanente

Subgrupo: 12 24 15 Mesas ou bandexas portátiles.

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
SAB 000 Bandexa desmontable especial.	SAB 000A Bandexa desmontable especial.	COMP1	36	117,29	106,63

Subgrupo: 12 24 24. Baterías.

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
SAT 000 Batería para cadeira de rodas eléctrica.	SAT 000A Batería para cadeira de rodas eléctrica (par) de menos de 50A.	COMP0	12	416,05	378,23
	SAT 000B Batería para cadeira de rodas eléctrica (par) de 50 A.	COMP0	12	460,05	418,23
	SAT 000C Batería para cadeira de rodas eléctrica (par) de 60 A.	COMP0	12	566,37	514,89
	SAT 000D Batería para cadeira de rodas eléctrica (par) de 70 A	COMP0	12	668,23	607,49

Subgrupo: 12 24 89. Outros accesorios para cadeiras de rodas.

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
SRA 000 Apoio postural para cadeira de rodas, incluídos tacos e correas.	SRA 000A Apoios laterais para a cabeza (par).	COMP2	24	156,06	141,87
	SRA 000B Apoios laterais para o tronco fixos (par).	COMP1	24	127,05	115,50
	SRA 000C Apoios laterais para o tronco abatibles (par).	COMP2	24	166,00	150,91
	SRA 000D Cuña niveladora de pelve (unidade).	COMP1	24	59,33	53,94
	SRA 000E Taco abductor (unidade).	COMP1	24	70,93	64,48
	SRA 000F Cincha para a cabeza.	COMP1	24	63,87	58,06
	SRA 000G Chaleco de fixación.	COMP2	24	101,92	92,65
	SRA 000H Arnés de ombros.	COMP1	24	90,00	81,82
	SRA 000I Cinto de 4 puntos.	COMP1	24	88,07	80,06
	SRA 000J Cinto ou arnés pélvico.	COMP1	24	125,09	113,72
	SRA 000K Cinchas para pés (par).	COMP1	24	53,76	48,87
	SRA 000L Soporte de fluído (unidade).	COMP1	24	62,00	56,36
S R A 0 1 0 Repousacabezas.	SRA 010A Repousacabezas fixo.	COMP1	24	85,01	77,28
	SRA 010B Repousacabezas con apoio occipital ou total, fixo ou orientable.	COMP1	24	187,14	170,13
	SRA 010C Repousacabezas con apoio occipital ou total, orientable con brazo dunha articulación axustable en altura e profundidade.	COMP3	24	495,00	450,00
	SRA 010D Repousacabezas con apoio occipital ou total, orientable con brazo en ángulo de dúas articulacións, axustable en altura e profundidade.	COMP3	24	610,67	555,15
SRA 020 Sistema para autopropulsión cun só brazo.	SRA 020A Sistema de dobre aro para autopropulsión cun só brazo.	COMP0	36	383,70	348,82
	SRA 020B Panca.	COMP0	36	431,26	392,05
SRA 030 Outros accesorios.	SRA 030A Mando especial de queixo para cadeira de rodas eléctrica.	COMP3	48	1.552,57	1.411,43
	SRA 030B Outro mando especial para cadeira de rodas eléctrica, de acordo cos protocolos dos responsables de prestación ortoprotésica (especial prescrición).	COMP3	48	SP	SP
	SRA 030C Sistema dobre amputado.	COMP0	36	65,85	59,86
	SRA 030D Dispositivo especial para respirador.	COMP0	36	162,00	147,27
	SRA 030E Dispositivo para bombona de oxixeno.	COMP0	36	83,78	76,16
	SRA 030F Sobebordos para cadeira de rodas eléctrica.	COMP1	48	216,84	197,13
	SRA 030G Roda antienvorcamento para cadeira de rodas manual.	COMP1	36	49,62	45,11
	SRA 030H Prolongador de freo.	COMP0	36	20,00	18,18
	SRA 030I Base rixida para cadeira de rodas.	COMP0	36	51,49	46,81

Subgrupo: 12 24 90 Recambios e compoñentes para cadeiras de rodas.

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
SRC 000 Repousabrazos especial.	SRC 000A Repousabrazos de cazoleta.	COMP1	36	108,63	98,75
	SRC 000B Repousabrazos envolvente con soporte palmar.	COMP1	36	151,75	137,95
	SRC 000C Repousabrazos regulable en altura.	COMP0	36	129,38	117,62
SRC 010 Repousapés especial.	SRC 010A Repousapés único.	COMP1	36	103,00	93,64
	SRC 010B Repousapés con cazoleta (par).	COMP2	36	193,00	175,45
	SRC 010C Repousapés con elevación manual para cadeira de rodas manual ou eléctrica (par).	COMP1	36	313,92	285,38
	SRC 010D Repousapés con elevación eléctrica para cadeira de rodas eléctricas (par).	COMP1	36	843,76	767,05
SRC 020 Asento-respaldo postural con carcasa, á medida.	SRC 020A Asento-respaldo postural con carcasa, á medida con molde previo.	MED	24	2.500,00	2.272,73
	SRC 020B Asento postural con carcasa, á medida con molde previo.	MED	24	1.291,64	1.174,22
	SRC 020C Respaldo postural con carcasa, á medida con molde previo.	MED	24	1.320,00	1.200,00
SRC 030 Asento-respaldo postural modular.	SRC 030A Plataforma rixida axustable para asento postural modular.	COMP1	36	238,50	216,82
	SRC 030B Asento postural modular.	COMP3	24	754,00	685,45
	SRC 030C Respaldo postural modular.	COMP3	24	847,00	770,00

9. Órteses

Grupo: 06 03 Órteses de columna vertebral (non se consideran incluídas as faixas preventivas)

Subgrupo: 06 03 06 Órteses lumbosacras (achega do usuario: 30 euros).

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
OTL 000 Órtese lumbosacra semirríxida.	OTL 000A Órtese lumbosacra semirríxida elástica con aros posteriores.	BAS	24	68,28	62,07
	OTL 000B Órtese lumbosacra semirríxida en tecido non elástico.	BAS	24	88,20	80,18
	OTL 000C Órtese lumbosacra semirríxida en tecido elástico ou non elástico para abdome péndulo.	ADAP1	24	99,00	90,00
	OTL 000D Órtese lumbosacra semirríxida para eventración e/ou ostomía.	ADAP1	24	99,00	90,00
	OTL 000E Órtese lumbosacra semirríxida, á medida, para usuarios con características especiais que non permiten adaptar as prefabricadas.	MED	24	290,95	264,50
OTL 010 Órtese lumbosacra rixida.	OTL 010A Órtese lumbosacra rixida, prefabricada.	ADAP2	24	277,31	252,10
	OTL 010B Órtese lumbosacra rixida en termoplástico, á medida.	MED	24	538,49	489,54
	OTL 010C Órtese lumbosacra Knight.	ADAP1	24	186,30	169,36
	OTL 010D Órtese lumbosacra con armazón rixida posterior e tecido elástico.	ADAP1	24	218,10	198,27

Subgrupo: 06 03 09. Órteses toraco-lumbosacras (dorsolumbares) (achega do usuario: 30 euros).

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
OTD 000 Órtese toraco-lumbar semirrígida.	OTD 000A Órtese toraco-lumbar semirrígida.	ADAP1	24	104,50	95,00
	OTD 000B Órtese toraco-lumbar semirrígida para abdome péndulo.	ADAP1	24	104,50	95,00
	OTD 000C Órtese toraco-lumbar semirrígida, á medida, para usuarios con características especiais que non permiten adaptar as prefabricadas.	MED	24	242,18	220,16
OTD 010 Órtese para <i>pectus carinatum</i> (tórax en quilla) ou <i>excavatum</i> .	OTD 010A Corsé para <i>pectus carinatum</i> (tórax en quilla) ou <i>pectus excavatum</i> , á medida.	MED	12	647,65	588,77
	OTD 010B Órtese para <i>pectus carinatum</i> (tórax en quilla), prefabricada.	ADAP2	12	495,00	450,00
OTD 020 Órtese toraco-lumbar ríxida.	OTD 020A Órtese toraco-lumbar ríxida monovalva para inmovilización en termoplástico, prefabricada.	ADAP2	24	275,00	250,00
	OTD 020B Órtese toraco-lumbar ríxida bivalva con apoio esternal para inmovilización en termoplástico, prefabricada.	ADAP2	24	448,13	407,39
	OTD 020C Órtese toraco-lumbar ríxida para inmovilización en termoplástico, á medida.	MED	24	688,57	625,97
	OTD 020D Órtese toraco-lumbar Taylor, prefabricada.	ADAP1	24	214,19	194,72
	OTD 020E Órtese toraco-lumbar con armazón ríxida posterior e tecido elástico.	ADAP1	24	341,00	310,00
OTD 030 Corsé ríxido para cifolordose.	OTD 030A Corsé ríxido de corrección progresiva para cifolordose, á medida.	MED	12	988,80	898,91
	OTD 030B Corsé ríxido de corrección progresiva para cifolordose articulado, á medida.	MED	12	988,80	898,91
OTD 040 Corsé para escoliose, á medida.	OTD 040A Corsé de Stagnara ou Lyones, á medida.	MED	12	977,66	888,78
	OTD 040B Corsé de Cheneau, con almofadas de presión, á medida.	MED	12	1.048,49	953,17
	OTD 040C Corsé de Michel, á medida.	MED	12	910,80	828,00
OTD 050 Corsé tipo Boston.	OTD 050A Corsé tipo Boston, en termoplástico con aperturas de expansión e almofadas de presión, con módulo prefabricado.	ADAP3	12	880,00	800,00
	OTD 050B Corsé tipo Boston, en termoplástico con aperturas de expansión e almofadas de presión, tamaño especial.	ADAP3	12	894,83	813,48
	OTD 050C Corsé tipo Boston brando.	ADAP2	12	816,42	742,20
	OTD 050D Corsé tipo Boston, en termoplástico con aperturas de expansión e almofadas de presión, á medida.	MED	12	909,65	826,95
OTD 060 Órtese de uso nocturno.	OTD 060A Órtese de inclinación lateral de uso nocturno, á medida.	MED	12	1.024,89	931,72
	OTD 060B Corsé de termoplástico con sistema de presión en 3 puntos e zonas de expansión de uso nocturno (tipo Providence ou similar), á medida.	MED	12	1.049,07	953,70
OTD 070 Órtese de Kallabis.	OTD 070A Órtese de Kallabis de tres puntos.	ADAP2	12	188,99	171,81
OTD 080 Órtese de hiperextensión.	OTD 080A Órtese de hiperextensión de Jewett.	ADAP2	24	216,37	196,70
	OTD 080B Órtese de hiperextensión cruciforme.	ADAP2	12	225,37	204,88
	OTD 080C Órtese de hiperextensión basculante.	ADAP2	12	234,37	213,06

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
OTD 090 Leito postural.	OTD 090A Leito postural Denis Browne para escoliose do lactante.	ADAP1	12	442,63	402,39
	OTD 090B Leito postural en termoplástico, á medida con molde previo.	MED	12	600,46	545,87

Subgrupo: 06 03 12 Órteses cervicais (achega do usuario: 30 euros).

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
OTC 000 Órtese cervical semirríxida.	OTC 000A Soporte cervical semirríxido en termoplástico brando con reforzo, bivalvo, con apoio para o queixo.	ADAP1	24	43,20	39,27
OTC 010 Órtese cervical ríxida.	OTC 010A Órtese cervical ríxida en termoplástico, con apoio occipital e para o queixo regulable ou non.	ADAP1	24	179,28	162,98

Subgrupo: 06 03 15 Órteses cérvico-torácicas (achega do usuario: 30 euros).

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
OTT 000 Órtese cervical tipo Somi.	OTT 000A Soporte cervical tipo Somi.	ADAP2	24	289,10	262,82
OTT 010 Minerva longa.	OTT 010A Minerva longa, á medida con molde previo.	MED	24	592,63	538,75
	OTT 010B Minerva longa, prefabricada.	ADAP2	24	410,56	373,24
OTT 020 Chaleco para halo.	OTT 020A Chaleco para halo.	ADAP3	24	273,85	248,95

Subgrupo: 06 03 18 Órteses cérvico-toraco-lumbosacras (achega do usuario: 30 euros).

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
OTS 000 Corsé de Milwaukee.	OTS 000A Corsé de Milwaukee con cesta pélvica en coiro e placas correctoras, á medida.	MED	12	1.190,97	1.082,70
	OTS 000B Corsé de Milwaukee con cesta pélvica en termoplástico e placas correctoras, á medida.	MED	12	822,82	748,02
OTS 900 Supraestrutura.	OTS 900A Supraestrutura de corsé de Milwaukee adaptada a outro tipo de corsé.	ADAP3	12	340,02	309,11
OTS 910 Cambio de cesta pélvica.	OTS 910A Cesta pélvica en coiro para corsé de Milwaukee, á medida.	MED	12	850,95	773,59
	OTS 910B Cesta pélvica en termoplástico para corsé de Milwaukee, á medida.	MED	12	482,80	438,91

Grupo: 06 06 Órteses de membro superior

Subgrupo: 06 06 03 Órteses de dedos (achega do usuario: 12 euros).

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
OSD 000 Órtese pasiva para dedo polgar.	OSD 000A Órtese pasiva ríxida para manter o polgar en oposición ou abducción, prefabricada.	ADAP1	24	68,50	62,27
	OSD 000B Órtese pasiva en termoplástico para manter o polgar en oposición ou abducción, á medida.	MED	24	87,60	79,64
OSD 010 Órtese pasiva para dedo.	OSD 010A Órtese pasiva ríxida para inmovilización de dedo, prefabricada.	BAS	24	25,29	22,99
	OSD 010B Órtese pasiva en termoplástico para inmovilización de dedo, á medida.	MED	24	44,29	40,26
OSD 020 Órtese activa para dedo polgar.	OSD 020A Órtese activa para dedo polgar, prefabricada.	ADAP1	12	73,16	66,51
OSD 030 Órtese activa flexora/extensora para dedo.	OSD 030A Órtese activa extensora para dedo.	ADAP1	12	42,64	38,76
	OSD 030B Órtese activa flexora para dedo.	ADAP1	12	42,64	38,76

Subgrupo: 06 06 06 Órteses de man (achega do usuario: 12 euros).

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
OSM 000 Órtese pasiva para manter as articulacións metacarpofalánxicas nunha posición determinada.	OSM 000A Órtese pasiva para manter as articulacións metacarpofalánxicas nunha posición determinada, prefabricada.	ADAP1	24	107,80	98,00
	OSM 000B Órtese pasiva para manter as articulacións metacarpofalánxicas nunha posición determinada, á medida.	MED	24	116,13	105,57
	OSM 000C Órtese pasiva progresiva para levar as articulacións metacarpofalánxicas a unha posición determinada.	ADAP1	24	121,97	110,88
OSM 010 Órtese activa flexora ou extensora de articulacións metacarpofalánxicas.	OSM 010A Órtese activa extensora de articulacións metacarpofalánxicas.	ADAP1	24	122,55	111,41
	OSM 010B Órtese activa flexora de articulacións metacarpofalánxicas.	ADAP1	24	122,55	111,41
	OSM 010C Órtese activa flexora de articulacións metacarpofalánxicas e aditamento extensor de dedo/s.	ADAP1	24	146,56	133,24
	OSM 010D Órtese activa extensora de articulacións metacarpofalánxicas e aditamento extensor/abdutor do polgar.	ADAP1	24	148,90	135,36
	OSM 010E Órtese activa flexora de articulacións metacarpofalánxicas e aditamento extensor/abdutor do polgar.	ADAP1	24	148,90	135,36

Subgrupo: 06 06 12 Órteses de pulso e man (achega do usuario: 30 euros).

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
OSN 000 Órtese pasiva de pulso.	OSN 000A Órtese pasiva de pulso.	ADAP1	24	61,60	56,00

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
OSN 010 Órtese activa de pulso.	OSN 010A Órtese activa de pulso.	ADAP1	18	140,31	127,55
OSN 020 Órtese activa flexora ou extensora das articulacións metacarpofalánxicas con estabilización da articulación do pulso.	OSN 020A Órtese activa flexora das articulacións metacarpofalánxicas con estabilización da articulación do pulso.	ADAP1	18	199,00	180,91
	OSN 020B Órtese activa extensora das articulacións metacarpofalánxicas con estabilización da articulación do pulso.	ADAP1	18	199,00	180,91

Subgrupo: 06 06 13 Órteses de pulso, man e dedos (achega do usuario: 30 euros).

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
OSU 000 Órtese pasiva de pulso, man e dedo/s.	OSU 000A Órtese pasiva de pulso, man e dedo/s, prefabricada.	ADAP2	24	125,92	114,47
	OSU 000B Órtese pasiva de pulso, man e dedo/s, á medida.	MED	24	168,98	153,62
OSU 010 Órtese activa de pulso, man e dedo/s.	OSU 010A Órtese activa para flexión dorsal de pulso, extensión ou flexión de articulacións metacarpofalánxicas e interfalánxicas, con ou sen dispositivo abdutor do polgar, prefabricada.	ADAP1	12	247,12	224,65
	OSU 010B Órtese activa para flexión dorsal de pulso, extensión ou flexión de articulacións metacarpofalánxicas e interfalánxicas, con ou sen dispositivo abdutor do polgar, á medida.	MED	12	370,80	337,09

Subgrupo: 06 06 15 Órteses de cóbado (achega do usuario: 30 euros).

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
OSC 000 Órtese pasiva de cóbado.	OSC 000A Órtese pasiva de cóbado sen articulación, prefabricada.	ADAP1	24	165,57	150,52
	OSC 000B Órtese pasiva de cóbado sen articulación, á medida.	MED	24	205,78	187,07
OSC 010 Órtese activa de cóbado.	OSC 010A Órtese activa de cóbado para flexión e/ou extensión con articulación regulable incluída, prefabricada.	ADAP1	18	331,89	301,72
	OSC 010B Órtese activa de cóbado para flexión e/ou extensión, á medida (prescribir, ademais, unha articulación regulable á escolla).	MED	18	368,39	334,90

Subgrupo: 06 06 20 Órteses de antebrazo (achega do usuario: 30 euros).

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
OSA 000 Órtese pasiva de antebrazo.	OSA 000A Órtese pasiva de antebrazo, prefabricada.	ADAP1	24	111,24	101,13
	OSA 000B Órtese pasiva de antebrazo, á medida.	MED	24	169,28	153,89

Subgrupo: 06 06 24 Órteses de ombro e cóbado (achega do usuario: 30 euros).

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
OSB 000 Órtese pasiva de brazo.	OSB 000A Órtese pasiva para inmovilización ósea de brazo en termoplástico, prefabricada.	ADAP1	24	151,80	138,00
	OSB 000B Órtese pasiva para inmovilización ósea de brazo en termoplástico, á medida.	MED	24	239,91	218,10

Subgrupo: 06 06 27 Órteses de ombro, cóbado e pulso (achega do usuario: 30 euros).

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
OSH 000 Órtese pasiva de ombro, cóbado e pulso, sen articulación.	OSH 000A Órtese pasiva para manter ombro, cóbado e pulso nunha posición determinada.	ADAP1	24	270,60	246,00
	OSH 000B Órtese pasiva para subluxación de ombro.	ADAP1	24	132,48	120,44
OSH 010 Órtese de ombro, cóbado e pulso, con articulacións.	OSH 010A Órtese pasiva de ombro, cóbado e pulso con articulación de cóbado.	ADAP1	24	322,73	293,39
	OSH 010B Órtese multiarticulada pasiva para control de articulacións de ombro, cóbado e pulso.	ADAP1	24	496,56	451,42
	OSH 010C Órtese multiarticulada activa para control de articulacións de ombro, cóbado e pulso.	ADAP2	24	737,00	670,00
OSH 020 Órtese pasiva para parálise do plexo braquial, obstétrica ou infantil.	OSH 020A Órtese pasiva para parálise do plexo braquial, obstétrica ou infantil, prefabricada.	ADAP2	12	231,50	210,45
	OSH 020B Órtese pasiva para parálise do plexo braquial, obstétrica ou infantil, á medida.	MED	12	376,17	341,97

Subgrupo: 06 06 36 Articulacións de cóbado (achega do usuario: 0 euros).

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
OSO 000 Articulación de cóbado	OSO 000A Articulación de cóbado mecánica monocéntrica.	COMP0	24	72,73	66,12
	OSO 000B Articulación de cóbado mecánica policéntrica.	COMP0	24	128,32	116,65
	OSO 000C Articulación de cóbado tipo parafuso sen fin.	COMP2	24	87,45	79,50
	OSO 000D Articulación de cóbado tipo cremalleira ou roda dentada.	COMP0	24	195,84	178,04
	OSO 000E Articulación de cóbado dinámica e activa.	COMP0	24	364,73	331,57

Grupo: 06 12 Órteses de membro inferior (non se consideran incluídas as órteses de pé nin as xeonlleiras en tecido elástico sen aros)

Subgrupo: 06 12 06 Órteses de nocello e pé (tibiais) (achega do usuario: 30 euros).

Categorías (código homologado e descrición)	Tipos de produtos (código e descrición)	Elaboración	Vida media – Meses	IMF	IMF si
OIT 000 Órtese posterior pasiva tibial.	OIT 000A Órtese posterior pasiva tibial.	ADAP2	24	136,06	123,69
OIT 010 Órtese de Denis Browne.	OIT 010A Órtese Denis Browne, para menores de 3 anos (prescribir ademais un botín ou bota).	ADAP1	24	57,90	52,64
	OIT 010B Órtese Denis Browne articulada, para menores de 3 anos (prescribir ademais un botín ou bota).	ADAP1	24	96,54	87,76
OIT 020 Botín multiarticulado.	OIT 020A Botín multiarticulado (unidade).	ADAP1	12	111,14	101,04
OIT 030 Órtese para inmovilización da articulación tibio-tarsiana.	OIT 030A Órtese non articulada para inmovilización medio-lateral e da flexo-extensión da articulación tibio-tarsiana.	ADAP1	24	110,00	100,00
OIT 040 Órtese tibial de marcha en descarga.	OIT 040A Órtese tibial de marcha en descarga.	ADAP1	24	259,26	235,69
